

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE
NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDIMENTOS INFORMÁTICOS
NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA
CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA, POLO
PROCEDIMENTO ABERTO E CON PLURALIDADE DE CRITERIOS
(Expt. 8/2009).**

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDIMENTOS INFORMÁTICOS NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E CON PLURALIDADE DE CRITERIOS (Expt. 8/2009).

FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS

A) ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

B) FORMA DE ADXUDICACIÓN

Procedemento aberto, con pluralidade de criterios, con base nos artigos 141 ó 145 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

A tramitación será a ordinaria.

Os gastos que orixine a publicación, por unha soa vez, dos anuncios da presente contratación, nos correspondentes boletíns oficiais serán de conta do adxudicatario do contrato, sen que poida imputarse á Administración contratante ningún pagamento por tal concepto. No suposto de existir varios adxudicatarios, os gastos por este concepto serán distribuídos en proporción á contía do adxudicado a cada un. O importe máximo dos gastos de publicidade de licitación do presente contrato que deberá aboar o adxudicatario será de 10,82 € por liña escrita no DOGA, e 24,366142 + IVE por liña escrita no caso de publicación no BOE.

C) OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES

Servizo de tracto sucesivo consistente no desenvolvemento de procedementos informáticos no sistema de información de xestión tributaria da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Os traballos a realizar relaciónanse no Anexo II do presente Prego.

CPV: 72.21.2000-4

Necesidade administrativa a satisfacer: Realización e creación de novas aplicacións que afectarán ás aplicacións de xestión, inspección, notificacións, recursos, valoración e intervención das Delegacións Territoriais da Consellería de Facenda, así como Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario, así como a integración das aplicacións establecidas nas bases de datos do Cixtec.

D) VALOR ESTIMADO E ORZAMENTO DA CONTRATACIÓN.

O valor estimado do contrato para os efectos do establecido no artigo 76 da LCSP é de **2.996.280,00.-€** (IVE non incluído).

O orzamento máximo de licitación é de UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CENTO CORENTA EUROS(**1.498.140,00.-€**), sen IVE; o importe do IVE é de douscentos trinta e nove mil setecentos dous euros con corenta céntimos(**239.702,40.-€**); O importe total, IVE incluído é de un millón setecentos trinta e sete mil oitocentos corenta e dous euros con corenta céntimos(**1.737.842,40.-€**).

ORZAMENTO SEN IVE	IVE	ORZAMENTO TOTAL
1.498.140,00.-€.	239.702,40.-€.	1.737.842,40.-€.

O desglose orzamentario é como segue:

ORZAMENTO ANO 2009, SEN IVE	IVE	ORZAMENTO TOTAL ANO 2009
354.960,00.-€.	56.793,60.-€.	411.753,60.-€.

ORZAMENTO ANO 2010, SEN IVE	IVE	ORZAMENTO TOTAL ANO 2010
1.143.180,00.-€.	182.908,80.-€.	1.326.088,80.-€

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato.

En relación co Imposto sobre o Valor Engadido, terase en contra que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente.

Para os efectos da estimación do valor do contrato do presente prego estímase un mínimo de 39.150 horas. Malia o indicado con anterioridade, os licitadores comprometeranse á realización da totalidade das tarefas obxecto do contrato e sempre durante o tempo especificado na duración do contrato.

E) SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

A tanto alzado.

Para a execución dos compromisos económicos derivados da presente contratación existe crédito axeitado e suficiente no orzamento de capital do Cixtec para o exercicio 2009. O crédito do exercicio 2010, quedará supeditado a existencia de crédito nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano citado.

F) VARIANTES

Non se admiten.

G) REVISIÓN DE PREZOS

De conformidade co establecido nos artigos 77 a 82 da Lei 30/2007, nesta contratación non procede a revisión de prezos.

H) LUGAR DE ENTREGA DAS PROPOSIÇÕES

Os licitadores interesados en tomar parte nesta contratación deberán presentar a documentación necesaria no Rexistro do Cixtec (sito en C/ Domingo Fontán, nº 9, 15702, Santiago de Compostela)

I) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA / SOLVENCIA

Clasificación: Grupo V, Subgrupo 2, Categoría D.

Solvencia: Ó abeiro do artigo 53.2 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, os licitadores, ademais da clasificación esixida deberán achegar un compromiso debidamente asinado de dedicar á execución do contrato un número mínimo de 22 persoas, relacionadas cos seus nomes e apelidos, e cunha titulación mínima en enxeñería técnica ou equivalente en informática ou TIC's (matemáticas, físicas, telecomunicacións, ciencias estatísticas). En calquera caso o mínimo de persoas propostas non pode ser inferior a 22 persoas.

J) GARANTÍA PROVISIONAL

Esixirase unha garantía provisional do 3% do presuposto da contratación: 44.944,20.-€.

K) GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co establecido no artigo 83 da Lei 30/2007 constituirase unha garantía definitiva por contía do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

L) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As ofertas técnicas estarán sometidas ós seguintes criterios de valoración

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN	Factor Oferta Ideal
Criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas		
Prezo	50%	<u>0,9</u>
Coñecementos tecnolóxicos do equipo técnico	20%	
Criterios non cuantificables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas		
Metodoloxía de traballo e planificación do proxecto	30%	

Tendo en conta:

Oferta económica (a incluír no Sobre C)

O prezo debe ser un prezo certo, que se expresará en euros, e se aboará polo Cixtec ó contratista adxudicatario en función da prestación realmente efectuada e de acordo co convidado. A obtención da puntuación económica farase de acordo coa seguinte fórmula:

$$Vi = (5 \times (Oi - PL) / (PFAV - PL) + 5) * \text{Baremo} / 10$$

Onde:

Vi = Puntuación da oferta presentada.

PL = Prezo da licitación.

Oi = Oferta presentada.

PFAV = Mínimo entre a mellor oferta e o obtido de aplicar o factor oferta ideal ó prezo de licitación.

Baremo = Porcentaxe asignada no prego ó apartado (50)

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal

Consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados as ofertas daquelas empresas que presenten unha porcentaxe de baixa que exceda en 10 unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas.

Coñecementos tecnolóxicos do equipo técnico (a incluír no Sobre C)

Valorarase con base na suma de puntos de coñecementos tecnolóxicos do equipo técnico da totalidade dos recursos ofertados por cada empresa incluíndo os recursos ofertados a maiores sobre o mínimo indicado no prego, e de acordo á seguinte fórmula:

Asignaranse 20 puntos á oferta máis favorable, asignaranse 0 puntos a calquera oferta que non achegue puntos de coñecementos tecnolóxicos, e o resto de asignacións realizarase de maneira proporcional.

$$Vi = \text{Baremo} * Oi / \text{PFAV}$$

Onde:

Vi = puntuación da oferta presentada

Baremo = Porcentaxe asignada no prego ó apartado (20)

Oi = Puntos de coñecementos achegados pola oferta presentada

PFAV = Puntos de coñecementos achegados pola oferta máis favorable

Metodoloxía de traballo e Planificación do proxecto (a incluír no Sobre B)

Avaliaranse os modelos solicitados ata un máximo de 30 puntos.

A empresa deberá presentar unha proposta de metodoloxía de traballo e planificación do proxecto onde constará como mínimo os seguintes apartados e acompañar así mesmo un CD co arquivo 'Metodoloxía de trabajo.pdf':

1. Modelo/s de organización e dirección do equipo de traballo.
2. Proposta de perfís para cada tarefa ou tipo de servizo.
3. Diagrama de Gantt
4. Asignación de Recursos
5. Planificación de actividades e recursos

A proposta non poderá superar as 30 páxinas a dobre cara e deberá presentarse debidamente encadernada e con identificación clara da empresa que formula a proposta e coas seguintes características:

Tipo de letra: Verdana

Tamaño: 10

Interlineado: 1,5

Segundo os artigos 11 e 19 da Lei 2/2007 de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as empresas que implantaran un plan de igualdade ou que obteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, teran preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as proposicións presentadas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista nos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación. Se a empresa fixera uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación, que, se o contrato resultase de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

Para a acreditación de tal aspecto, as empresas deberán achegar documentación xustificativa no sobre B de documentación técnica.

M) PRAZO DE EXECUCIÓN (e se é o caso posibilidade de prórroga)

O prazo de execución será de 12 meses dende a sinatura do correspondente contrato.
O contrato será susceptible de prórroga por mutuo acordo das partes e por un período de doce meses, de acordo co establecido no art. 279 da LCSP.

N) FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento polos servizos prestados efectuarase tras as certificacións dos traballos realizados polo director técnico, no que se comprobará pola Administración a adecuación dos servizos prestados, a adecuación do persoal contratado ó especificado neste Prego, e o cumprimento das horas necesarias para a realización dos traballos a certificar.

Ñ) RECEPCIÓN OU CONFORMIDADE

A recepción esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de conformidade dentro do mes seguinte de terse producido realización do obxecto do contrato.

O) PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía da presente contratación será de 1 ano, contado dende a data de recepción do servizo obxecto da presente contratación.

P) PERFIL DO CONTRATANTE

Forma de acceso ó perfil do contratante: <http://www.cixtec.es>

Q) OBSERVACIÓNS

Santiago , a

O DIRECTOR XERAL DO CIXTEC

Asdo: Mauro Fernández Dabouza

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDIMENTOS INFORMÁTICOS NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E CON PLURALIDADE DE CRITERIOS (EXPTE: 8/2009).

1.CONDICIÓN XERAIS.

O presente Prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente Prego de prescricións técnicas, han de rexer na contratación para a realización do servizo de referencia que, previa autorización do órgano de contratación, adjudicárase mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios.

En todo o non previsto nos anteriores pregos, estarase ó disposto na Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante: Lei 30/2007), polo polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 e, no que non se opoña á mencionada Lei, Real Decreto e demais normativa aplicable, polo R.D. 1098/2001, de 12 de outubro.

O descoñecemento do contrato en calquera do seus termos ou dos documentos anexos que forman parte do mesmo, non eximirá ó contratista da obriga do seu cumprimento.

O contratista acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados e á xurisdición contencioso-administrativa nas cuestións litixiosas que puideran derivarse deste contrato de natureza administrativa.

O adjudicatario obrigárase ó cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social e calquera outra de carácter xeral.

2.OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é o servizo que se describe no **apartado C) da folla de especificacións**

A nomenclatura Vocabulario Común de Contratos(CPV-2007) é a sinalada no **apartado C) da folla de especificacións.**

O Prego de prescricións técnicas no que se describen as características particulares do servizo a realizar revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

A necesidade administrativa a satisfacer é a establecida no **apartado C) da folla de especificacións**

3. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E EXISTENCIA DO CRÉDITO

O importe do orzamento máximo autorizado para a contratación é o fixado na **cláusula D) da folla de especificacións**, no que figura como partida independente o IVE.

Ós efectos da estimación do valor do contrato do presente prego, estímase un mínimo de 39.150 horas. Malia isto, os licitadores comprometeranse á realización da totalidade das tarefas obxecto do contrato e sempre durante o tempo especificado na duración do contrato.

Para todos os efectos, entenderase que o devandito orzamento de licitación comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do servizo e toda clase de impostos directos ou indirectos. A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe tódolos factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato.

En relación co Imposto sobre o Valor Engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente.

O sistema de determinación do prezo deste contrato é o referido na **cláusula E) da folla de especificacións**.

O orzamento do servizo será financiado con cargo á aplicación orzamentaria indicada na **cláusula E) da folla de especificacións**, no que se garante que existe crédito axeitado e suficiente.

4. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Son os determinados na **cláusula B) da folla de especificacións**.

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS.

Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha

prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa a Lei 30/2007 se atopen debidamente clasificadas.

En ningún caso poderán contratar coa Administración as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 49 da Lei 30/2007, así como nos supostos establecidos na Lei 9/1996 de 18 de outubro, de incompatibilidades de Galicia.

A Mesa de Contratación efectuará a comprobación pertinente ó examinar a documentación administrativa requirida ós licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración a facelo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea estarase ó disposto no artigo 55 e 73 da Lei 30/2007. Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias estarase ó disposto no artigo 44 da Lei 30/2007.

UNIÓNS DE EMPRESARIOS.

En canto ás unións de empresarios estarase ó disposto nos artigos 48 e 56.5 da Lei 30/2007. Nas unións temporais de empresarios, cada un dos empresarios que a integran acreditará a súa personalidade e capacidade de obrar nos termos establecidos no apartado anterior.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

6. LICITACIÓN

DOCUMENTACIÓN:

Para tomar parte no procedemento será preciso que o licitador achegue a documentación que integra a proposición dividida en **TRES** partes:

- a) **SOBRE A:** Documentación administrativa (acreditativa do cumprimento dos requisitos previos).
- b) **SOBRE B:** Documentación relativa ós criterios non valorables de forma automática.
- c) **SOBRE C:** Documentación relativa ós criterios valorables de forma automática.

A documentación presentarse en tres sobres independentes. **Os sobres presentaranse pechados, identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinados polo licitador ou a persoa que o**

represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, enderezo, teléfono, fax/correo electrónico e, no caso de estar inscrito, o número de Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

O Sobre B deberá conter, ademais, un CD co arquivo "Metodoloxía de traballo.pdf", que será fiel reflexo da oferta asinada.

O Sobre C deberá conter, ademais, un CD co arquivo "Capacitación tecnolóxica.xls" que será fiel reflexo da oferta asinada.

A non presentación ou omisión desta información nos soportes e formatos establecidos, será motivo de exclusión do presente procedemento.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A documentación deberá ser entregada en man no lugar especificado no **apartado H) da folla de especificacións**

Non obstante, o disposto no punto anterior, os licitadores poderán enviar as súas propostas por correo, en tal caso, deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, Télex ou telegrama no mesmo día. Esta notificación cursarase á Unidade Administrativa Xestora indicada no apartado anterior. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á data de finalización do prazo de presentación de proposicións sen recibirse a documentación, esta non será admitida.

O prazo de presentación será o indicado no anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOCUMENTACIÓN PERSOAL (SOBRE A)

Incluirase no mesmo os documentos que se indican, que deberán presentarse mediante orixinais ou copias autenticadas, no seu caso por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán un sobre (sobre A) coa solicitude de participación neste procedemento acompañándoos dos

documentos prescritos no artigo 130.1 da Lei 30/2007 e que se relacionan a continuación:

1) Os documentos que acrediten a **personalidade**, que serán os seguintes:

- Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade (ou o que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio.
- Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.
- A personalidade dos empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado donde están establecidos, que si indican no anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estén establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertencencia a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.
- A capacidade das empresas estranxeiras de estados non membros da Unión Europea acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa no que se faga constar que figura inscrita no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa extranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da Lei 30/2007 en forma substancialmente analóga.

2) Os documentos que acrediten a **representación**, que son os seguintes:

- Os que comparezan e asinen a proposición no nome doutro deberán presentar copia compulsada do DNI, do apoderado/s, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Se o licitador fose un empresario individual achegarse copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.
- Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarse copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no Rexistro público que corresponda.
- Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarse o correspondente documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado/a da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que actuara en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

3) **Declaración responsable**, subscrita pola persoa que asine a proposición de ter plena capacidade de obrar e non estar incurso/a en prohibición de contratar, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 30/2007, así como nos supostos establecidos na Lei 9/1996 de 18 de outubro, de incompatibilidades de Galicia. Ademais, comprenderá expresamente as seguintes circunstancias:

- Estar dado de alta e ó corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato ou atoparse nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda autonómica galega.
- Atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo adxudicatario provisional.

4) Cando se esixa a constitución de **garantía provisional**, e así se indique na **cláusula J) da folla de especificacións**, presentárase a documentación xustificativa (exclusivamente, exemplar **orixinal**) de ter constituída a citada garantía, polo importe sinalado na **cláusula J) da folla de especificacións**, que non poderá ser superior ao 3% do orzamento do contrato que se sinala na cláusula **D) da folla de especificacións**, e que deberá constituirse nalgunha das formas que se prevén no artigo 84 da Lei 30/2007 e depositada segundo o sinalado no artigo 91 da Lei 30/2007.

5) Documentación xustificativa da **clasificación e/ou da solvencia económica e financeira e da técnica ou profesional** e dos criterios de selección de entre os previstos nos artigos 67 da Lei 30/2007. Todo isto, de conformidade co sinalado nas cláusulas **I) da folla de especificacións**.

No suposto de que se esixa clasificación estarase ao disposto na cláusula **I) da folla de especificacións**.

Para os empresarios non españois de Estados membros da UE acreditarán a súa capacidade financeira, económica e técnica polos seguintes medios e criterios:

Solvencia económica e financeira.

Xustificarse conforme ós criterios seguintes:

Informe de institucións financeiras, ou no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais (art. 64 da Lei 30/2007). O criterio a seguir para considerar a solvencia neste sentido, será que a empresa presente o informe de institucións financeiras onde debe especificarse claramente que a empresa é solvente para a execución do presente contrato.

Solvencia Técnica.

Xustificarse conforme ós criterios seguintes:

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 3 anos, que inclua importes, datas e destinatario público ou privado. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente. (artigo 67.a) da Lei 30/2007). O criterio a seguir para a consideración de solvencia neste sentido será que a empresa realizara servizos similares por un importe que supere a metade do importe da presente contratación, non superando o prazo dun ano dende o último realizado. Especificación dun equipo mínimo de 22 persoas e a súa titulación mínima en: Enxeñería Técnica ou equivalente en informática ou TIC's (matemáticas, físicas, telecomunicacións, ciencias estatística).

- 6) **Compromiso de dedicar ou adscribir ó contrato os medios persoais descritos e materiais suficientes** para a debida execución do mesmo, ós que se refire o artigo 53.2 da Lei 30/2007. En concreto, un equipo mínimo de 22 persoas e coa titulación mínima en: Enxeñería Técnica ou equivalente en informática ou TIC,s(matemáticas, físicas, telecomunicacións, ciencias estatística).
- 7) No caso de que o licitador fose unha **unión temporal de empresarios (UTE)**, deberán achegar ademais un documento privado no que indiquen o nome e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato. No dito escrito deberá designarse a persoa que durante a tramitación do procedemento de

contratación e ata a adxudicación do contrato deterá a representación de todos eles fronte á Administración.

- 8) Os licitadores que acrediten circunstancias de personalidade xurídica, representación, clasificación ou solvencia mediante certificación dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, ou mediante un certificado comunitario de clasificación deberán presentar a correspondente certificación expedida polo rexistro correspondente, así como unha declaración responsable asinada polo licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación, do conformidade co modelo que se achega como anexo III deste prego.

Respecto dos licitadores inscritos no **Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta** de Galicia a correspondente certificación de inscrición será incorporada de oficio ó procedemento polo órgano de contratación, debendo presentar unicamente a declaración responsable a que se fai referencia neste apartado.

- 9) Os licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia non quedarán eximidos de presentar a documentación relativa á acreditación da solvencia económica e financeira, solvencia técnica, garantía provisional e compromiso de dedicar ou adscribir ó contrato os medios persoais descritos e materiais suficientes.

- 10) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.

En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

O citado sobre presentarse do seguinte xeito:

- Na parte superior deberá indicar **“Sobre A – Documentación persoal”**

- No centro do sobre deberá constar a lenda: "SERVIZO CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDIMENTOS INFORMÁTICOS NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA (EXPTE:8/2009) ".
- Asinado polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permaneza nese estado ata a data da súa apertura.
- E ademais, os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia deberán facer constar o número de inscrición no sobre.

DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÓS CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B)

A oferta, asinada, haberá de estruturarse da seguinte forma, adaptando os contidos ó indicado en cada un dos apartados:

1. Metodoloxía de traballo e planificación do proxecto

A empresa deberá presentar unha proposta de metodoloxía de traballo e planificación do proxecto onde constará, como mínimo, os seguintes apartados e acompañar así mesmo un CD co arquivo "Metodoloxía de traballo.pdf":

- a) Modelo/s de organización e dirección do equipo de traballo.
- b) Proposta de perfís para cada tarefa ou tipo de servizo.
- c) Diagrama de Gantt
- d) Asignación de Recursos
- e) Planificación de actividades e recursos

A proposta non poderá superar as 30 páxinas a dobre cara e deberá presentarse debidamente encadernada e con identificación clara da empresa que formula a proposta.

A non presentación ou omisión desta información nos soportes e formatos establecidos, será motivo de exclusión do presente procedemento.

Neste SOBRE B non se pode incluír ningunha información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou a relativa ós criterios

valorables de forma automática. O incumprimento desta condición dará lugar á exclusión da oferta do procedemento de adxudicación.

O citado sobre presentárase do seguinte xeito:

- Na parte superior deberá indicar **“Sobre B – Documentación relativa ós criterios non valorables de forma automática”**
- No centro do sobre deberá constar a lenda: “SERVIZO CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDIMENTOS INFORMÁTICOS NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA (EXPTE: 8/2009)”.
- Asinado polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permaneza nese estado ata a data da súa apertura.

DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÓS CRITERIOS VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)

A oferta, asinada, haberá de estruturarse da seguinte forma, adaptando os contidos ó indicado en cada un dos apartados:

1. Oferta económica

A oferta económica presentárase asinada e especificaranse os seguintes conceptos:

- Prezo global dos servizos ofertados sen IVE
- IVE a aplicar ó prezo global e o seu importe.
- Prezo global dos servizos ofertados con IVE.

Os prezos ofertados indicáranse en euros. Teñen carácter global, polo que se inclúen todos os factores de valoración e impostos que se devengan por razón do contrato excepto o Imposto sobre Valor Engadido.

En todo caso, indicárase como partida independente o importe do Imposto sobre Valor Engadido que deberá soportar a Administración ó tipo impositivo vixente no momento da licitación.

As ofertas que excedan do prezo máximo de licitación fixado polo órgano de contratación na **cláusula D) da Folla de Especificacións**, ou sexan incorrectamente formuladas (conteñan omisións, erros ou riscaduras que impidan coñecer claramente ou que o órgano de contratación estime fundamentais para considerar a oferta serán rexeitadas.

2. Coñecementos tecnolóxicos do equipo técnico.

Os coñecementos tecnolóxicos do equipo técnico presentaranse asinado e acompañaranse, así mesmo, dun CD cunha folla de Excel "Coñecementos tecnolóxicos.xls" de acordo ó formato reseñado no seguinte punto.

No formato das follas de Excel, que de seguido se detallan, as columnas "NIF/DNI" deberán, necesariamente, figurar na columna "A", figurando os restantes conceptos nas seguintes columnas, de xeito consecutivo.

Valoraranse os seguintes conceptos para cada un dos recursos ofertados pola empresa adxudicataria:

- Titulación superior á requirida no prego (Informática ou TICs). Deberase especificar a titulación achegada e acompañar fotocopia compulsada do título acreditativa. Valoraranse en 1 punto de coñecementos por cada título superior en Informática ou TICs achegado ata un máximo de 3 puntos de coñecementos. A folla "Titulación" do ficheiro "Coñecementos tecnolóxicos.xls." formatearase e conterá a información seguinte:

Empresa:		
NIF	Nome e apelidos	Titulación

Onde:

NIF: Número de identificación fiscal do traballador proposto

Nome e apelidos: Nome e apelidos do NIF indicado.

Titulación: Nome do título achegado por cada recurso por enriba da titulación mínima esixida (titulación media en Informática ou TIC).

- Coñecementos do contorno tecnolóxico.

Deberase acreditar o coñecemento da linguaxe LION e o contorno LionDev achegando certificado da empresa dos proxectos nos que participou a persoa, e con indicación explícita da data de inicio e da data de fin na que se incorporou a persoa ó dito proxecto. Valorarase 0,1 puntos por mes ata un máximo de 2,4 puntos de coñecementos.

Crearase a folia "Proxectos ferramenta" no ficheiro "Coñecementos tecnolóxicos.xls" que conterá a información seguinte:

Empresa:						
NIF	Nome e Apelidos	Proxecto	Receptor	CIF	Data inicio	Data fin

Onde:

NIF: Número de identificación fiscal do traballador proposto.

Nome e apelidos: Nome e apelidos do NIF indicado.

Proxecto: Nome do proxecto en formato Lion no que participou o recurso e que estea certificado pola empresa.

Receptor: Nome da empresa que adquiriu, comercializou ou utiliza o proxecto indicado.

CIF: Número de identificación CIF da empresa receptora.

Data Inicio: Data na que comezou o recurso a realización do proxecto.

Data fin: Data na que rematou o recurso os traballo en dito proxecto.

- Coñecementos do contorno funcional.

Deberase acreditar coñecementos na área Tributaria, achegando certificado da empresa dos proxectos nos que participou o recurso, e con indicación explícita da data de inicio e da data de fin na que se incorporou o recurso ó dito proxecto. Valorarase 0,1 puntos por mes ata un máximo de 2,4 puntos de coñecementos.

Crearase a folia "Proxectos funcional" que conterá a información seguinte:

Empresa:							
NIF	Nome e apelidos	Proxecto	Descrición	Receptor	CIF	Data inicio	Data fin

Onde:

NIF: Número de identificación fiscal do traballador proposto.

Nome e apelidos: Nome e apelidos do NIF indicado.

Proxecto: Nome do proxecto en formato Lion no que participou o recurso e que estea certificado pola empresa.

Descrición: Breve e sucinta descrición do proxecto onde se xustifique a súa relación con aplicación de Recursos Humanos.

Receptor: Nome da empresa que adquiriu, comercializou ou utiliza o proxecto indicado.

CIF: Número de identificación CIF da empresa receptora.

Data Inicio: Data na que comezou o recurso a realización do proxecto.

Data fin: Data na que rematou o recurso os traballo en dito proxecto.

As empresas licitadoras presentarán a proposición económica, en modelo establecido como **ANEXO I** deste prego.

O citado sobre presentase do seguinte xeito:

- Na parte superior deberá indicar "Sobre C: Documentación relativa ós criterios valorables de forma automática"

- No centro do sobre deberá constar a lenda: "SERVIZO CONSISTENTE NO DESENVOLVEMENTO DE PROCEDIMENTOS INFORMÁTICOS NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA CONSELLERÍA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA (EXPTE: 8/2009)".
- Asinado polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permaneza nese estado ata a data da súa apertura

VARIANTES.-

O órgano de contratación poderá autorizar a presentación de melloras e variantes á oferta básica, sempre que así se consigne expresamente na **clausula F) da folla de especificacións**

RESGARDO.

Os licitadores teñen dereito a obter unha copia selada dos sobres que conteñan a súa proposición. A tal efecto acompañarán copia simple dos mesmos.

ACEPTACIÓN INCONDICIONAL DO LICITADOR AS CLÁUSULAS DO PREGO.

A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional polo empresario do contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sen ningunha excepción.

7. ADXUDICACIÓN.

MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 295 da Lei 30/2007.

A Mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán á mesa sobre as cuestións das súas respectivas competencias, a requirimento da mesma ou por propia iniciativa, pero sen dereito de voto.

APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Rematado o prazo de proposicións, a mesa de contratación constituirase, previamente, para o exame e cualificación da documentación persoal, en función dos requisitos esixidos. Se a mesa observase defectos ou omisións substituíbles, ou necesitase aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou achegas doutros complementarios, poderá conceder para elo os prazos previstos nos artigos 81.2 e 22 do RGCAP, respectivamente. A estes efectos comunicarao verbalmente ós interesados, sen prexuízo de que as circunstancias citadas se comuniquen por fax (con confirmación da recepción) e se fagan públicas a través do anuncio do presidente da mesa de contratación no taboleiro de anuncios do órgano de contratación. A documentación requirida deberá ser entregada en man no Rexistro Xeral do Cixtec. Do actuado, deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

A apertura da documentación relativa ós criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor levarase a cabo nun acto de carácter público, cuxa celebración deberá ter lugar nun prazo non superior a 7 días, a contar dende a apertura da documentación administrativa (art. 27 do R.D. 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da Lei 30/2007). Neste acto só se abrirá o sobre correspondente ós criterios non cuantificables automaticamente entregándose ó órgano encargado da súa valoración a documentación contida no mesmo; así mesmo, deixarase constancia documental de todo o actuado.

Procederá en acto público no lugar, día e hora fixado no anuncio de licitación á apertura do Sobre C.

No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- a) Lectura do anuncio público do concurso.
- b) Reconto das proposicións presentadas e confrontación cos datos que figuren nos certificados estendidos polos xefes das oficinas receptoras das mesmas.
- c) Lectura pública do número de proposicións recibidas e da identidade dos licitadores.
- d) Invitación ós asistentes para que comproben, se o desexan, que os sobres que conteñen as proposicións se atopan na mesa, e en idénticas condicións ca cando foron entregados.

- e) Lectura pública dos resultados da cualificación da documentación persoal, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.
- f) Invitación ós licitadores asistentes interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes. Pasado este momento non se admitirán máis observacións que interrompan o acto.
- g) Apertura da documentación económica dos licitadores admitidos, e lectura das ofertas económicas.
- h) Invitación ós asistentes a que expoñan cantas consideracións, reclamacións ou queixas consideren oportunas, tralo cal se levantará a sesión.

Por parte do secretario levantarase Acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, alomenos, polo Presidente e o Secretario, así como por cantos tivesen presentado reclamacións.

Determinada pola Mesa de Contratación a proposición máis vantaxosa como resultado da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no Prego e do/s informe/s técnico/s, a Mesa formalizará proposta de adxudicación a favor desta proposición.

Os eventuais empates resolveranse en primeiro lugar a favor daquelas empresas que, segundo os artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, implantaran un plan de igualdade ou que obteñan a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, que terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as proposicións presentadas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación. Se a empresa fixera uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación, que, se o contrato resultase de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal. Para a acreditación de tal aspecto as empresas deberán achegar documentación xustificativa no Sobre B, de documentación técnica.

A Mesa de Contratación elevará, ó órgano de contratación as proposicións, xunto coa acta e a súa proposta de adxudicación.

Á vista da proposta de adxudicación efectuada pola mesa de contratación, o órgano de contratación adxudicará provisionalmente o contrato ó licitador que presentara a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada e nela concretarase e fixarase os termos definitivos do contrato.

A adxudicación provisional se lles notificará aos licitadores e publicarse no perfil do contratante, e se os interesados o solicitan, facilitaráselles información sobre a mesma no prazo de 5 días hábiles.

A adxudicación provisional no xera dereito a favor do empresario proposto fronte á Administración, mentres non se dicte a adxudicación definitiva polo órgano de contratación.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran na folla de especificacións.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios especificados na **clausula L) da folla de especificacións**.

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ADXUDICATARIO PROVISIONAL

De conformidade co establecido no artigo 135.4 da Lei 30/2007 o adxudicatario provisional deberá presentar no Rexistro do Cixtec no prazo de quince días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel no que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante, a seguinte documentación:

- 1.- Certificación positiva expedida pola Tesouraría da Seguridade Social, ó amparo dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- 2.- Certificación positiva expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias
- 4.- Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercizo corrente, ou o

último recibo completado con unha declaración responsable de non terse dado de baixa no matrícula do citado imposto.

5.- Xustificante de ter depositado, na Caixa xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, a garantía definitiva polo importe sinalada na **cláusula K) da folla de especificacións**, en calquera das modalidades legalmente previstas.

6.- Documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato o adxudicatario provisional.

Para isto deberase achegar DECLARACIÓN FORMAL de disposición en exclusividade dos recursos ofertados durante toda a vixencia do contrato.

De non presentarse a documentación sinalada en forma e prazo, a empresa que resultara adxudicataria provisional resultará excluída e a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional de conformidade co establecido na cláusula 9 deste prego.

9. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Será competente para acordar a adxudicación definitiva o Director Xeral do Cixtec, en virtude do Consello de Dirección do Cixtec (4/08), de data 5 de decembro de 2008, polo que se acorda a delegación no Director Xeral das adxudicacións definitivas de todos os expedientes de contratación.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcurran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique aquela no perfil do contratante do órgano de contratación.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior deste prego, sempre que o adxudicatario presentara a documentación solicitada e a garantía definitiva no caso en que se esixira a súa constitución.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultara adxudicatario provisional por non cumprir éste as condicións necesarias para iso, antes de proceder a unha nova convocatoria, a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fora posible e que o novo adxudicatario presentara a súa conformidade, neste caso se lle concederá a éste un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado na cláusula 8 deste prego.

10. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DA GARANTÍA PROVISIONAL

A documentación que se xunta ás proposicións quedará a disposición dos licitadores que non resulten adxudicatarios unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos.

No caso de que se esixa a constitución da garantía provisional, esta será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato, excepto a do adxudicatario que lle será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e a das empresas que retiren inxustificadamente as súas proposicións antes da adxudicación, que lles será retida.

11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Poderase asinar electronicamente o contrato, mediante sinatura dixital autorizada.

Os contratos que celebre o Cixtec deberán formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste, así como a incautación da garantía provisional no caso en que fora esixible a súa constitución, de acordo co establecido no artigo 140.3 da Lei 30/2007.

12. EXECUCIÓN: PRAZO, CONTIDO, PRÓRROGAS, DEMORA E RESPONSABILIDADE

Prazo de execución e contido

O contratista realizará as prestacións obxecto da presente contratación reflectidas na **cláusula C) da folla de especificacións** así como no prego de prescricións técnicas, no prazo que se estipula na **cláusula M) da folla de especificacións**, con suxeción ao establecido no clausulado do contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e de acordo coas

instrucións que para a súa interpretación lle dira ao contratista o órgano de contratación.

Prórrogas

Nesta contratación admítese a posibilidade de prórroga, de acordo co indicado na **cláusula M) da folla de especificacións**.

Demora e penalidades

O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos no presente prego.

Se chegado o final do traballo, o contratista tivera incorrido en demora, por causa imputable a este, a administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con incautación da garantía definitiva, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado a proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir de xeito razoable a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e perxuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requerirá intimación previa por parte da Administración.

Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, dacordo co disposto no artigo 197.2 da Lei 30/2007.

Cumprimento defectuoso e incumprimento parcial da execución do obxecto do contrato.

No caso de que o contratista realizase defectosamente o obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á

gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá acadar o 10% do orzamento do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a este, tivera incumplido parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impoñer penalidades equivalentes ao dobre do prexuízo económico sufrido pola Administración.

Aplicación das penalidades

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que se constituíse, cando non se poidan deducir dos mencionados pagamentos.

Responsabilidade

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista terá a obriga de gardar segredo respecto dos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión deste.

13. OUTRAS OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Dirección e organización do traballo

O órgano de contratación ten a facultade de exercer, dun xeito continuado e directo, a inspección dos servizos contratados, sen prexuízo de que poida confiar tales funcións dun modo complementario a calesquera dos seus órganos ou representantes.

Corresponde o CIXTEC a supervisión e dirección dos traballos, propoñer as modificacións que conveña introducir ou, se é o caso, propoñer a suspensión dos traballos se houbera causa motivada.

O CIXTEC designará un director técnico pertencente ó cadro de persoal do Ente, que terá por función as seguintes:

- Dar as órdenes oportunas para lograr o cumprimento dos obxectivos.
- Verificar o correcto cumprimento do establecido neste prego.

O director técnico poderá delegar as súas funcións nunha persoa do seu equipo. Asemade, poderá incorporar ó proxecto durante a súa realización as persoas necesarias para verificar e avaliar todas as actuacións ó seu cargo.

O CIXTEC poderá determinar os procedementos de control de proxectos.

Tralas revisións técnicas o director técnico poderá rexeitar en todo ou en parte os traballos realizados, na medida en que non respondan ó especificado nas reunións de planificación ou non superaran os controis de calidade.

O adxudicatario facilitará a visita e exame de calquera proceso ou fase de traballo, así como os medios necesarios para que se poida realizar a inspección.

Así mesmo, a empresa adxudicataria deberá designar un Responsable Técnico do Proxecto coas seguintes funcións:

- Ser o interlocutor da empresa no referente ás cuestións técnicas do proxecto.
- Asistir ás reunións ás que se convoque á empresa
- Como responsable do proxecto velará polo cumprimento da realización dos proxectos conforme ás instrucións do centro.

Obrigas laborais e sociais

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o contratista.

Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia, ou do Cixtec.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O/a adxudicatario/a comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración

contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

E o adxudicatario/a queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, agás aqueles que, se é o caso, se indiquen no prego de prescricións técnicas.

Información e adaptacións

O adxudicatario deberá facilitarlle ó Cixtec, cando se lle requira, a información relativa ao desenvolvemento da execución do contrato, os avances e as conclusións parciais ás que se poida chegar.

Confidencialidade e protección de datos

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas de segredo profesional, ou en consecuencia:

Os licitadores achegarán unha Memoria descriptiva das medidas que adoptarán para asegurar a dispoñibilidade, confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada.

Así mesmo, deberán incluír na súa oferta a designación da persoa ou persoas que, sen prexuízo da responsabilidade propia da empresa, estarán autorizadas para as súas relacións co CIXTEC a efectos de uso correcto do material e da información a manexar. Xuntarase unha descrición do seu perfil profesional, e soamente poderán ser substituídas con conformidade por parte do responsable da unidade promotora da contratación.

O adjudicatario manterá absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer como ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ó que figura neste prego, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación, quedando obrigado ó cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ó presente proxecto, conforme ó disposto nas normas que se relacionan a continuación:

- Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999.
- Disposicións de desenvolvemento de normas anteriores en materia de protección de datos que se atopen en vigor á adxudicación deste contrato ou que poden estar durante a súa vixencia.

Transferencia tecnolóxica

Durante a execución dos traballos obxecto da contratación, o adxudicatario comprométese a facilitar en todo momento ó CIXTEC e, de ser o caso, ás persoas designadas por este para tales efectos, a información e documentación que estas soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento das circunstancias nas que se desenvolven os traballos (incluíndo situacións ou sistemas de información preexistentes), así como dos seus eventuais problemas que poidan presentarse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizados para desenvolvelos.

14. PREZO, REVISIÓN, FORMA DE PAGAMENTO E CONTROL ECONÓMICO

Para a fixación do prezo do contrato foi utilizado o sistema reflectido na **cláusula E) da folla de especificacións** do presente prego e aquel comprende a totalidade dos gastos que teña que realizar o adxudicatario para a realización dos traballos

obxectos da presente contratación ata a súa recepción pola Administración, incluso a parte correspondente aos seus gastos xerais e beneficios. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de mellora que para estes efectos puidesen formular os licitadores nas súas ofertas, cuxo importe abranguerá así mesmo todos os referidos gastos.

Nos casos en que proceda a revisión de prezos ésta levarase a cabo de conformidade co establecido nos artigos 77 e seguintes da Lei 30/2007, e segundo o disposto na **clausula G) da folla de especificacións**. Cando non proceda, farase constar así no expresado parágrafo. Cando inicialmente a revisión de prezos proceda, indicarse nel o índice ou os índices ou fórmulas polinómicas que se aplicarán, se é o caso, para a citada revisión.

O pagamento realizarase de acordo co establecido na **clausula N) da folla de especificacións**.

O adxudicatario aceptará o sistema de control da calidade dos traballos e cumprimento do esforzo horario que ten establecido o CIXTEC.

En reunións de carácter mensual avaliaranse todas aquelas incidencias que orixinasen atrasos no cumprimento dos obxectivos planificados. Cando a xuízo do director técnico as incidencias foran imputables ó adxudicatario, por falta de responsabilidade, incompetencia, desidia ou outras causas de índole similar, a facturación resultante quedará minorada no importe estimado das devanditas incidencias, sen prexuízo e penalización que, de acordo coa normativa vixente e o Prego de Cláusulas Administrativas, resulten procedentes.

15. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirse por cumprimento ou por resolución.

Cumprimento e recepción

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

A súa constatación esixirá por parte da Administración, un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do MES seguinte de producirse a entrega ou realización do obxecto do contrato, segundo o establecido na **cláusula Ñ) da folla de especificacións**.

A Administración determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, se é o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se

adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitala quedando exento da obriga de pagamento e tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación ó cumprimento da prestación contratada.

Resolución

Serán causas de resolución do contrato as sinaladas nos artigos 206 e 284 da Lei 30/2007.

Así mesmo, poderán motivar a resolución do contrato, a xuízo do órgano de contratación, as reiteradas deficiencias na execución do contrato ou a interrupción da súa execución.

En canto aos efectos da resolución do contrato estarase ó establecido nos artigos 208 e 285 da Lei 30/2007

16. PRAZO DE GARANTÍA E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co artigo 205.3 da Lei 30/2007, o contrato terá como prazo de garantía o establecido na **cláusula O) da folla de especificacións**, contados dende o día seguinte ao da data da recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións da Administración quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Sempre que se xustifique debidamente no expediente de contratación, exceptúanse deste prazo de garantía os contratos nos que non resulte necesario, en atención á natureza e características da prestación; neste suposto sinalarase esta circunstancia na citada cláusula.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a súa subsanación.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración tivera formalizado algún dos reparos ou a denuncia referida, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen preuízo do establecido nos artigos 286, 287 e 288 da Lei 30/2007 sobre subsanación de erros e responsabilidades nos contratos que teñan por obxecto a elaboración de proxectos de obras.

Unha vez cumprido o obxecto do contrato, despois de transcorrido o referido prazo de garantía e prestada a conformidade polo órgano de contratación, daráselle curso á cancelación da garantía definitiva.

17. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

Rexerase polo disposto nos artigos 209 a 211 da Lei 30/2007.

Cesión

Admitirase a cesión do contrato sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non fosen causa determinante da súa adxudicación e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209.2 da Lei 30/2007, entre os que se encontra a preceptiva, expresa e previa autorización da cesión por parte do órgano de contratación.

Así mesmo, para que a cesión produza efectos fronte á Administración contratante, deberán cumprirse, igualmente, todos os demais requisitos sinalados na citada norma.

Subcontratación

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 210 da Lei 30/2007, entre as que se encontra a obriga de comunicarlle anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os subcontratos, con indicación da parte da prestación da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia a os elementos técnicos e humanos de que disón e á súa experiencia, se ben no caso de que o subcontratista tivera a clasificación axeitada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude daquel.

As prestacións parciais subcontratadas non poderán exceder do 60% do importe da adxudicación.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, quen asumirá a total responsabilidade na execución do contrato fronte á Administración con suxeición estricta ás cláusulas do presente prego, do de prescricións técnicas, aos términos do contrato e ás condicións establecidas na súa oferta.

18. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación detén a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ao disposto nos artigos 194 e 202 da Lei 30/2007. Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 30/2007.

As modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade ó disposto no artigo 140 da Lei 30/2007

19. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL E INDUSTRIAL

O contratista acepta expresamente que, en virtude do presente contrato, todos os dereitos de explotación e a titularidade das aplicacións informáticas e dos programas desenvolvidos ó abeiro do presente contrato (tanto do programa fonte coma do programa obxecto, así como a documentación preparatoria, documentación técnica e os manuais de uso) corresponden unicamente ó CIXTEC, con exclusividade e para todos os efectos, de tal maneira que esta terá dereito a realizar todas as modalidades de explotación que se recollen no artigo 99 e restantes do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Todos os informes, estudos e documentos, así como os produtos e subprodutos e resultados entregables, elaborados pola empresa adxudicataria como consecuencia do presente contrato, serán propiedade do CIXTEC, na súa virtude, o mesmo poderá reproducilos, publicalos, divulgálos, total ou parcialmente, sen que poida opoñerse a iso o/os adxudicatario/s autor material dos traballos.

O adxudicatario renuncia expresamente a calquera dereito sobre os traballos realizados como consecuencia da execución do presente contrato puideran corresponderlle, e non poderá facer ningún uso ou divulgación dos estudos e documentos utilizados ou elaborados sobre a base deste prego de condicións, ben sexa en forma total ou parcial, directa ou extractada, orixinal ou reproducida, sen autorización previa do CIXTEC, nin adquire ningún dereito sobre o hardware,

software e infraestruturas salvo o de acceso indispensable a este para o cumprimento das tarefas que se desprenden das obrigas demandadas da asistencia obxecto deste contrato.

20. RECURSO ESPECIAL DE CONTRATACIÓN.

O contrato a que se refire este prego esta suxeito a regulación harmonizada; en consecuencia, serán susceptibles do recurso especial que regula o artigo 37 da Lei de Contratos do Sector Público, as decisións ou acordos que afecten á adxudicación provisional do contrato, ao presente prego de cláusulas e ao que establece as características da prestación, así como os actos de trámite adoptados no procedemento, sempre que estes últimos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.

O recurso poderá interpoñerse polas persoas físicas ou xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vísense prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso e, en todo caso, polos licitadores.

A presentación do escrito de interposición do recurso farase no Rexistro Xeral do CIXTEC, dentro dos prazos previstos para os diversos supostos que se contemplan no referido artigo 37 da referida Lei.

Contra a resolución deste recurso especial só procederá a interposición do recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Santiago, a 29 de xullo de 2009

O DIRECTOR XERAL DO CIXTEC

Asdo.: Mauro Fernández Dabouza

ANEXO I

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/Dña, con enderezo en,
provincia de, con DNI núm., en nome propio ou en
representación da empresa.....
con CIF, con enderezo en
rúa.....logo da publicación
no.....presenta proposición para a contratación
do.....
....., a través do procedemento aberto, segundo as condicións e
requisitos que se exigen para á dita licitación e adxudicación, comprométese a tomar ao seu
cargo na execución da devandita contratación, con estrita suxeición aos pregos de cláusulas
administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións*:

Prezo global dos servizos sen IVE

IVE a aplicar e o seu importe:

Prezo global con IVE

(Deberase expresar claramente en letra e número)

Así mesmo, **comprométese ao cumprimento de todas as disposicións vixentes** en:

- Materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo
- E de protección de datos de carácter persoal.

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1.624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 129.5 da Lei 30/2007

..... de de

(Sinatura e selo do licitador)

* No caso en que, de acordo co disposto na cláusula F) da folia de especificacións se admítase a presentación de VARIANTES e a proposición presentada o sexa, deberase conslgnar expresamente neste anexo.

ANEXO II

<u>FUNCIÓN</u>	<u>%</u>	<u>IMPORTE (sen IVE)</u>	<u>DESCRICIÓN</u>
Oficina Virtual Tributaria	15	224.721.-€	Realización dun novo deseño que simplifique uso e engada ergonómia e novas funcionalidades en materia de información e asistencia ó contribuínte no cumprimento das súas obrigas tributarias. Posta a disposición dos cidadáns de modelos normalizados para as distintas solicitudes ou instancias.
Novas funcionalidades da integración do módulo de información contable na xestión tributaria no programa Xeito	15	224.721.-€	Rebaixa na mora da tramitación das devolucións de ingresos indebidos e control das mesma na funcionalidade da integración dos módulos informáticos de xestión tributaria.
Novo módulo de xestión de Recursos no programa Xeito	15	224.721.-€	Desenvolvemento dunha nova aplicación informática para o tratamento de todo tipo de recursos que poidan darse para a totalidade dos impostos que xestiona o programa Xeito. Creación dunha aplicación que xestione a rectificación de autoliquidacións, xunto coas devolucións que puideran derivarse a ambos.
Novo programa de Sucesións en Xeito.	15	224.721.-€	Modificación do módulo existente en Xeito que xestiona a totalidade de liquidación presentadas tanto por Xeito como a través do Alis para os efectos de igualar os procedementos de cálculo integrando os programas Xeito-ALIS.
Control sobre a tramitación de expedientes en Xeito	10	149.814.-€.	Mellora sistema do control sobre o estado de tramitación dos expedientes tributarios (Fases e prazos).
Desenvolvemento dun módulo que xestione as Sancións Tributarias	15	224.721.-€	Dotación dunha ferramenta que para todas as liquidacións poida practicarse dunha forma sinxela e automática dun expediente que faga posible unha liquidación pola Sanción Tributaria que lle corresponda en cada
Desenvolvemento de módulos de xestión de Tributos propios, Tributos sobre o xogo e Prezos	15	224.721.-€	Tributos sobre o xogo Tributos sobre a contaminación atmosférica. Imposto sobre o Dano Medioambiental Augas Encoradas Taxas, prezos e Sancións administrativas.

ANEXO III

DECLARACIÓN DE NON VARIACIÓN

D./Dna., co DNI núm.,
en nome propio ou en representación da empresa
....., co NIF/CIF núm.
.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que me atopo inscrito ou a empresa á que represento se atopa inscrita no
Rexistro.....
..... co número..... e que as circunstancias
reflectidas na certificación do mesmo non experimentaron variación.

....., de de

(Sinatura e selo do licitador)